MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA DE GALICIA

1. Acerto e oportunidade

O sector agroalimentario galego está conformado principalmente por pequenas explotacións agrarias, a maioría de tipo familiar, e por un bo número de industrias que transforman as materias primas que aquelas lles fornecen. Neste sector agroindustrial conviven empresas de considerable tamaño con multitude de microempresas. Estas agroindustrias atópanse espalladas por toda a xeografía galega, moitas veces próximas ás zonas de produción das materias primas e, polo tanto, afastadas das zonas máis desenvolvidas da comunidade autónoma, polo que son un elemento importante para xerar riqueza e dinamizar áreas do noso territorio nas que outras actividades industriais son escasas.

As empresas alimentarias galegas están a facer unha importante aposta pola diversificación das súas producións e pola calidade destas, pola innovación e pola apertura cara a novos mercados. Certamente, a calidade e a diversidade da produción alimentaria de Galicia constitúe un dos seus principais activos, o que contribúe non só a engrandecer o noso patrimonio cultural e gastronómico, senón que permite ofrecer unha vantaxe competitiva aos operadores alimentarios.

Á súa vez, a cidadanía aumentou a demanda de produtos de calidade e máis sostibles, así como a de produtos tradicionais e locais. Por iso, a industria alimentaria debe seguir apostando polo valor engadido, a sustentabilidade e a tecnoloxía para camiñar cara a unha Galicia con máis calidade, máis verde e máis innovadora. Ao mesmo tempo, o sector necesita comunicar ás persoas consumidoras as características da súa

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

produción, identificando correctamente os seus produtos no mercado, todo iso nun marco de competencia leal.

Os cambios experimentados na produción e comercialización alimentaria, a incorporación de novas tecnoloxías e formas de comercialización e o incremento dos intercambios entre Estados, fan necesario acometer unha adaptación da normativa á nova situación, establecendo medidas que permitan mellorar o control dos alimentos destinados á Comunidade Autónoma de Galicia ou procedentes dela.

Neste contexto, adquiren especial relevancia a protección, o fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada -como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permiten ás persoas consumidoras recoñecer os produtos con valores e utilidades que merezan a súa confianza así como asegurar rendas dignas aos produtores e produtoras que compensen o seu esforzo. Con esta finalidade e, en xeral, coa de garantir a calidade dos alimentos que se producen ou que se comercializan en Galicia, hai xa máis de dezaseis anos que se publicou a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega. Aínda que o desenvolvemento do sector foi positivo e a lei mostrouse como unha ferramenta útil para a evolución da calidade dos produtos alimentarios galegos, persisten problemas e hai novos retos que fan necesaria a actualización da lexislación vixente.

2. Antecedentes lexislativos e marco de legalidade da norma

Este texto legal dítase ao amparo dos puntos 3 e 4 do artigo 30.1.º do Estatuto de autonomía para Galicia, que outorga á nosa Comunidade Autónoma competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria, en materia de agricultura e gandería así como de denominacións de orixe, esta última en colaboración co Estado.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A evolución que sufriu o sector alimentario e a experiencia acumulada nestes anos de aplicación, así como os cambios que se produciron no marco legal comunitario e español en materia de regulación da calidade alimentaria, fan preciso proceder a unha nova regulación da calidade alimentaria en Galicia. Neste contexto, hai que sinalar que o marco normativo comunitario e español sobre a calidade alimentaria, tanto no relativo á calidade alimentaria estándar –a relacionada co cumprimento de normas obrigatorias- como no relativo á calidade alimentaria diferenciada -a vinculada ao cumprimento de normas de carácter voluntario-, sufriu unha profunda modificación nos anos transcorridos desde a aprobación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro.

Así, no ámbito da calidade alimentaria estándar, en 2017 aprobouse un novo regulamento sobre o control oficial dos alimentos, o Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativo aos controis e outras actividades oficiais realizados para garantir a aplicación da lexislación sobre alimentos e pensos, e das normas sobre saúde e benestar dos animais, sanidade vexetal e produtos fitosanitarios. Ademais, uns anos antes aprobárase a normativa comunitaria sobre etiquetaxe de alimentos, o Regulamento (UE) nº 1169/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2011, sobre a información facilitada ao consumidor.

Pola súa parte, no ámbito da calidade diferenciada a normativa europea tamén mudou profundamente dende a aprobación da citada Lei 2/2005, do 18 de febreiro. Así, con posterioridade á aprobación desa lei publicáronse os seguintes regulamentos, algúns deles con especificacións que tamén afectan a aspectos da calidade estándar: o Regulamento (UE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios -que regula as denominacións de orixe protexidas (DOP) e as Indicacións xeográficas protexidas (IXP) do sector alimentario e as especialidades tradicionais garantidas (ETG)-; o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

produtos agrarios -que regula as DOP e IXP do sector vitivinícola-; o Regulamento (UE) 2019/787 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, sobre a definición, designación, presentación e etiquetaxe das bebidas espirituosas, a utilización dos nomes das bebidas espirituosas na presentación e etiquetaxe doutros produtos alimenticios, a protección das indicacións xeográficas das bebidas espirituosas e a utilización de alcohol etílico e destilados de orixe agrícola nas bebidas alcohólicas, e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 110/2008; e o Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 834/2007 do Consello.

Pola súa parte, a normativa estatal tamén sufriu importantes cambios nos últimos anos. Así, no eido da calidade alimentaria estándar aprobouse a Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, e no ámbito da calidade diferenciada aprobouse a Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supra-autonómico, que aínda que regula principalmente as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supra-autonómico, tamén ten algúns preceptos de aplicación básica.

A aprobación tardía desta normativa estatal fronte á normativa que se aprobara con anterioridade desde varias comunidades autónomas, como é o caso de Galicia, e a formulación dalgúns conflitos de competencia resoltos no Tribunal Constitucional, tamén fan necesaria a modificación da lexislación galega para adecuala a estes cambios e facilitar a súa aplicación.

En definitiva, parece necesario sistematizar nunha única disposición a complexa normativa na materia da calidade alimentaria, para dar unha maior seguridade xurídica aos operadores e axentes que actúan na Comunidade Autónoma de Galicia

Sen prexuízo deste labor de actualización lexislativa, tamén deben ser obxecto da nova lei o impulso da calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia e o

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

establecemento das bases para o control oficial do cumprimento dos requisitos establecidos para a comercialización dos produtos alimenticios e a persecución da fraude alimentaria.

3. Finalidade e obxectivos

Esta lei ten por obxecto:

- Establecer o marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.

- Fomentar, potenciar e garantir a produción de alimentos de calidade diferenciada na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Regular os consellos reguladores cando estas entidades realicen a xestión de figuras de protección da calidade diferenciada.

- Determinar, en materia de calidade estándar e diferenciada dos produtos alimentarios, as obrigas dos operadores en Galicia, así como regular a actuación de inspección e control da administración autonómica e establecer o réxime sancionador.

- Mellorar a eficacia do sistema de control oficial, perseguir a comisión das prácticas fraudulentas e establecer sancións disuasorias.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4. Principais novidades e especialidades

O anteproxecto de Lei da Calidade Alimentaria da Comunidade Autónoma de Galicia contén unha elenco de **novidades** na materia que regula, das que poden salientarse as que seguen:

— A Regulación do fomento e o desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada -como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permiten ás persoas consumidoras recoñecer no mercado estes produtos con maior valor engadido.

— A definición da calidade estándar e da calidade diferenciada, distinguíndoas segundo que as características cualitativas dun produto sexan consecuencia do cumprimento de requisitos que sexan obrigatorios ou que teñan un carácter voluntario.

— A lei especifica as competencias e organización administrativa, da seguinte forma:

- Concreta as competencias da Consellería do Medio Rural e da Consellería do Mar en relación coa produción alimentaria, a súa calidade, o seu control e a súa promoción.
- Regula de forma extensa a natureza, obxecto, funcións e adscrición da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), salientando a súa competencia na promoción da produción agroalimentaria de calidade e no control da calidade estándar e diferenciada dos produtos alimentarios galegos.
- Crea dous novos órganos de consulta e participación, o Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia.
    - O Consello Alimentario de Galicia é un órgano colexiado de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento da calidade alimentaria de Galicia. A súa composición integra

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

representantes das administracións públicas con competencias en materia alimentaria, o Clúster Alimentario de Galicia, ás universidades que conforman o Sistema Universitario de Galicia e as organizacións máis representativas da industria alimentaria, da distribución, dos consumidores, as cooperativas alimentarias, as entidades de xestión das figuras de protección da calidade diferenciada, as organizacións profesionais agrarias, as organizacións de produtores pesqueiros e confrarías de pescadores, os grupos de desenvolvemento rural e aquelas institucións públicas ou privadas que se determinen regulamentariamente.

- A Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia é un órgano de asesoramento e impulso do sector alimentario da calidade diferenciada de Galicia. Estará integrada por representantes de cada unha das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de Galicia, do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia e das principais asociacións da artesanía alimentaria, así como da AGACAL e da dirección xeral competente en materia de mercados da pesca.

— O anteproxecto de lei regula de forma máis extensa que na actual regulación o sistema de autocontrol das persoas operadoras.

- O anteproxecto de lei establece un sistema de certificación da sostibilidade do sector agroalimentario galego, que será xestiónado e coordinado pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria, con fin de mellorar a sostibilidade da produción agroalimentaria galega nas súas vertentes ambiental, social e económica.

— O anteproxecto dedica todo un título -o título III- ás figuras de protección da calidade alimentaria diferenciada e a promoción de marcas de garantía.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A regulación da promoción de marcas de garantía é unha auténtica novidade desta lei, anteriormente só debuxada nun único artigo sobre marcas de calidade. E constitúe un dos fins desta regulación a súa promoción.

— Fronte á regulación actual, que atribúe con carácter xeral a xestión das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas protexidas aos consellos reguladores, neste anteproxecto establécese que esa tarefa só se delegará naqueles consellos reguladores que teñan unha estrutura organizativa mínima que lle permita realizar de xeito eficiente as tarefas que van asociadas á dita xestión. Para as denominacións de orixe e indicacións xeográficas que carecen desa estrutura e que na actualidade utilizan os servizos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para acometer esas tarefas, a xestión será realizada directamente pola Axencia. Nestas denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, os consellos reguladores disolveríanse e fomentaríase a creación de asociacións sectoriais das persoas produtoras para a defensa e a promoción dese indicativo de calidade.
— Coherentemente co anterior, o texto establece maiores esixencias organizativas para os consellos reguladores, como, é a de dispoñer dos medios persoais, técnicos e económicos adecuados para o desempeño das súas funcións. Estes medios deben incluír unha xerencia con solvencia profesional acreditada para o desempeño dos labores de xestión do consello regulador, que incluirán tamén o secretariado. Tamén inclúe esixencias funcionais, como a de presentar un plan de promoción da figura de protección da calidade diferenciada de que se trate, no que se detallen os obxectivos a perseguir no período ao que se refira e a estratexia para acadalos.

— Esta norma regula de forma moi extensa as medidas de fomento da calidade alimentaria, tanto estándar como diferenciada, a promoción do cooperativismo no sector alimentario e a compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios, como instrumento mediante o cal as autoridades públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

– Inclúe a necesidade de que as entidades de control e certificación, cando exerzan actividades relacionadas coa verificación do cumprimento de esquemas de certificación públicos (como a produción integrada, o etiquetado facultativo de carne de aves, as especialidades tradicionais garantidas, etc.), realicen unha declaración responsable ante a autoridade competente, pasando a formar parte dun Rexistro de entidades de certificación, que servirá para a supervisión da súa actividade.

– Respecto das funcións de control, no relativo á toma de mostras e análises, a Sentenza 142/2016, do 21 de xullo, ditada no recurso de inconstitucionalidade interposto en relación con diversos preceptos da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, preveu a aplicación supletoria do Real Decreto 1945/1983, de 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria. Este Real decreto regulaba a materia de análise e toma de mostras, pero o anteproxecto de Lei da calidade alimentaria da Comunidade Autónoma de Galicia regula de forma novidosa e extensa esta materia, engadindo previsións que concretan a súa forma de realización, mesmo as mostras dos produtos comercializados por internet.

– Como novidade fronte á actual regulación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, o réxime de infraccións e sancións recollidos nesta lei aplícase tamén ao viño e aos produtos derivados da uva e do viño e, en particular, ao vinagre de viño, á augardente de bagazo e ao mosto.

– Inclúese un réxime de infraccións e sancións específico no ámbito da clasificación de canais de gando vacún e porcino, non previsto na actual Lei 2/2005, do 18 de febreiro.

– Así mesmo, fíxose unha profunda revisión do catálogo de infraccións e do procedemento sancionador, adecuándoo á realidade actual, tendo en conta, entre outras cuestións, o cada vez maior volume de vendas que se realizan a través de páxinas web e mediante o comercio electrónico.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Todos estes elementos conforman una regulación ampla e novidosa da materia relativa á calidade alimentaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Procedemento de elaboración do texto

Para a elaboración desta norma partiuse da experiencia derivada da análise da evolución que sufriu o sector alimentario e a experiencia acumulada nestes anos de aplicación da actual Lei 2/2005, do 18 de febreiro, así como os cambios que se produciron no marco legal comunitario e español en materia de regulación da calidade alimentaria, que fan preciso proceder a unha nova regulación da calidade alimentaria en Galicia.

Neste contexto, tal e como se indicou con anterioridade o marco normativo comunitario e español sobre a calidade alimentaria, sufriu unha importante modificación nos anos transcorridos desde a aprobación da dita Lei 2/2005, do 18 de febreiro, tanto no ámbito da calidade estándar, como diferenciada.

A evolución normativa referida obriga a sistematizar nunha única disposición a complexa normativa na materia da calidade alimentaria, para dar unha maior seguridade xurídica aos operadores e axentes que actúan na Comunidade Autónoma de Galicia.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

6. Contido e estrutura

A Lei consta de 115 artigos estruturados nun Título Preliminar e 7 títulos máis, 2 Disposicións Adicionais, 2 Disposicións Transitorias, 1 Disposición Derrogatoria, e 5 Disposicións Derradeiras.

Con carácter xeral, o contido das diversas disposicións deste anteproxecto son os que seguen:

— Na exposición de motivos, resúmense de forma breve os obxectivos do texto e as novidades introducidas na regulación da calidade alimentaria.

— O Título Preliminar establece o obxecto, o ámbito de aplicación e os fins desta lei, así como as súas definicións xerais.

— O Título I ten por obxecto as competencias e a organización administrativa e institucional no ámbito da calidade alimentaria, dividíndose en dous capítulos, destinados a regular as competencias e a organización administrativa e os órganos de asesoramento, consulta e participación. En particular, establécese neste Título a regulación da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e créanse dous novos órganos de consulta e participación, o Consello Alimentario de Galicia e a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia.

— O Título II regula a aseguranza da calidade alimentaria. No Capítulo I establécese o concepto e ámbito da aseguranza da calidade alimentaria. No Capítulo II regúlanse as obrigas dos operadores e operadoras alimentarias en relación co cumprimento dos requisitos de calidade así como o autocontrol e a súa modulación e recolle a posibilidade de establecer maiores esixencias para cada produto, sector ou tipo de persoa operadora. Igualmente, establécese a necesidade de sistemas de aseguranza baseados na trazabilidade que sexan efectivos, de xeito que permitan identificar e

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

localizar ás persoas subministradoras e receptoras e que obriguen ás persoas operadoras a levar un sistema de rexistros. Así mesmo, regula os produtos non conformes, que deben ser retirados dos canais de comercialización e determina os destinos que se lles poden dar e a súa forma de identificación.

— O Título III contén as disposicións relativas á calidade alimentaria diferenciada, no que se regulan, no Capítulo I, as diferentes figuras de protección de calidade diferenciada; no Capítulo II, as denominacións xeográficas de calidade; no Capítulo III, as especialidades tradicionais garantidas; no Capítulo IV, a produción ecolóxica; no Capítulo V, a artesanía alimentaria; no Capítulo VI, os produtos alimentarios tradicionais de Galicia; e no Capítulo VII, as obrigas dos operadores alimentarios de calidade diferenciada. Por último, regúlase no Capítulo VIII a promoción de marcas de garantía.

— O Título IV contén a regulación da xestión e control das figuras de protección da calidade diferenciada. O Capítulo I regula a xestión destas figuras directamente pola Administración. No capítulo II recóllese a posibilidade de delegación desas tarefas de xestión en consellos reguladores para o caso das denominacións de orixe protexidas, das indicacións xeográficas protexidas e para a produción ecolóxica. Esta delegación de tarefas de xestión, que pode incluír tamén as relativas ao control oficial do cumprimento das normas específicas da figura de protección da calidade polas persoas operadoras inscritas, poderá realizarse cando se dean determinados requisitos que a fagan posible, requisitos que se recollen neste capítulo. Ademais, a regulación dos consellos reguladores que se fai neste título esténdese aos seus recursos e financiamento, ao que se dedica o Capítulo III, e á súa supervisión, auditoría e tutela, cuestións que se abordan no Capítulo IV. Así mesmo, desenvólvese o réxime de incumprimentos das funcións dos consellos reguladores no Capítulo V, no que se detallan as medidas aplicables polo incumprimento nas funcións de xestión e, de ser o caso, nas funcións de control delegadas, así como a posibilidade de revogar a súa autorización e de suspender e disolver os seus órganos de goberno. Pola súa parte, o

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Capítulo VI prevé a creación de entidades asociativas sectoriais para aquelas figuras de protección da calidade diferenciada que non conten con entidades de xestión.

— O Título V establece as medidas de fomento aplicables no sector alimentario, facendo mención especial das medidas relativas á calidade diferenciada.

— O Título VI establece as disposicións relativas ao control oficial e regula, no Capítulo I, o control oficial da calidade de xeito xeral, a toma de mostras no Capítulo II e, no Capítulo III, as especificidades do control oficial das figuras de protección da calidade diferenciada.

— O Título VII ocúpase de determinar o réxime de inspección e sancionador. Os Capítulos I, II e III regulan a inspección, o establecemento e a adopción de medidas cautelares e as normas comúns en materia sancionadora. O Capítulo IV incorpora o catálogo de infraccións para todas as persoas operadoras alimentarias, en materia de calidade estándar e diferenciada e en control de canais, así como para as entidades de control e certificación. Esta regulación faise ao corresponder á comunidade autónoma ditar as normas administrativas sancionadoras naquelas materias substantivas nas que ten competencia, trala Sentenza 142/2016, do 21 de xullo, ditada no recurso de inconstitucionalidade interposto en relación con diversos preceptos da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, que declarou inconstitucional o catálogo de infraccións que con carácter básico contiña e que obrigaba, a falta de regulación autonómica, á aplicación supletoria do Real Decreto 1945/1983, de 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria. Como novidade frote a actual regulación da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, o réxime de infracción e sancións recollidos nesta lei aplícase tamén ao viño e aos produtos derivados da uva e do viño e, en particular, ao vinagre de viño, á agugardente de bagazo e ao mosto.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Pola súa banda, as disposicións adicionais establecen as normas relativas á colaboración interadministrativa e a constitución dos órganos colexiados creados na lei.

A lei conta con dúas disposicións transitorias, que establecen o réxime aplicable aos procedementos anteriores e previsións sobre o desenvolvemento regulamentario relacionado cos consellos reguladores e a adaptación destes organismos a el.

Mediante a disposición derrogatoria única déixanse sen efecto as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ás disposicións desta lei e, en particular, a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

As disposicións derradeiras primeira e segunda inclúen as habilitacións para o desenvolvemento regulamentario da lei, así como para actualizacións do importe das sancións e penalizacións establecidos nela.

Asemade, a disposición derradeira terceira contén disposicións para a adaptación do Rexistro Industrial de Galicia a esta lei.

Finalmente, establécense nas disposicións derradeiras cuarta e quinta disposicións sobre ás remisións regulamentarias relativas á artesanía alimentaria contidas nesta norma e sobre á súa entrada en vigor.

7. Suxeición aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia

A adecuación ao principio de necesidade, fundaméntase na satisfacción do interese público ao que responde ao establecemento dun marco normativo que permita asegurar na Comunidade Autónoma de Galicia a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados no seu territorio e a súa conformidade coa

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais.

En canto ao principio de proporcionalidade, ás medidas que contempla a norma, son consecuentes coa finalidade última que se pretende e garanten unha axeitada tramitación administrativa. Pode concluírse que se respecta este principio por canto a regulación contida no anteproxecto de lei é a imprescindible para garantir a satisfacción do interese público perseguido.

Respecto ás obrigas que se inclúen no anteproxecto de lei, non existen outras alternativas regulatorias por canto a norma garda coherencia coa regulación actual e non implica restricións de dereitos nin outras obrigas máis que as necesarias para garantir a calidade alimentaria no seu ámbito territorial de aplicación.

No caso que nos ocupa, vese claramente que o texto proposto non afecta ao principio de seguridade xurídica, posto que en ningún caso se crea incerteza, nin hai dúbida sobre a previsibilidade dos efectos da súa aplicación polos poderes públicos, quedando garantida así a dobre vertente subxectiva e obxectiva do principio de seguridade xurídica reiteradamente recoñecida pola doutrina do Tribunal Constitucional.

A iniciativa normativa exércese de forma coherente co resto do ordenamento xurídico, polo que existe certeza sobre o ordenamento xurídico aplicable e os intereses xuridicamente tutelados, garantindo a expectativa razoablemente fundada da cidadanía sobre cal será a actuación do poder na aplicación do Dereito, por contar a norma cun contido preciso e uns efectos perfectamente determinados.

O principio de transparencia queda garantido, por canto se definen claramente os obxectivos desta iniciativa e a súa xustificación na exposición de motivos e por

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

posibilitarase a participación activa na elaboración do texto mediante consulta pública previa realizada no portal de Transparencia e Goberno aberto, en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

En aplicación do principio de eficiencia, evítanse cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalízanse, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos, en consonancia co disposto na Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

En canto á accesibilidade, simplicidade e eficacia, esta norma compendia a regulación contida en anteriores previsións polo que supón un gran avance normativo.

A simplicidade e a eficacia quedan aseguradas.

En conclusión, pode afirmarse que os principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia quedan recollidos neste texto que nace da necesidade de impulsar medidas dirixidas a crear un aseguramento da calidade alimentaria galega.

8. Impacto de xénero da norma

Sobre o posible impacto de xénero da norma, cómpre destacar a composición do Consello Alimentario de Galicia cun réxime de elección dos seus membros en que deberá procurarse a presenza equilibrada entre mulleres e homes no devandito órgano.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Na regulación da Contratación pública de produtos alimentarios prevese que *d*eberán establecer mecanismos para favorecer a presenza de produtos producidos por organizacións que teñan un 50 por cento ou máis de mulleres asociadas.

A norma persigue así concienciar, as condicións de igualdade, evitando así limitacións por razóns de xénero.

9.- Táboa de vixencias

Os proxectos de disposicións normativas deben ir acompañados dunha táboa de vixencias e da cláusula ou disposición derrogatoria que inclúa as normas que se pretenden derrogar (artigo 41.3.d da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia).

No caso do anteproxecto de Lei de Calidade Alimentaria da Comunidade Autónoma de Galicia, a única norma que regulaba ata o de agora esta materia era a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega.

A Disposición derrogatoria única deste anteproxecto de lei derroga expresamente a Lei 2/2005, do 18 de febreiro.

Por outra banda, a sentenza 142/2016, do 21 de xullo, ditada no recurso de inconstitucionalidade interposto en relación con diversos preceptos da Lei 28/2015, do 30 de xullo, para a defensa da calidade alimentaria, preveu a aplicación supletoria do Real Decreto 1945/1983, de 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria. Tendo en consideración que o anteproxecto de lei regula a materia de análise e toma de mostras que anteriormente previíase no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, este norma deixará de aplicarse de forma supletoria a esta materia, dado que o

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

anteproxecto contempla unha regulación autonómica específica da materia ao abeiro das competencias que ten atribuídas a comunidade autónoma.

Algo similar sucede co réxime sancionador en materia de viños. A Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supra-autonómico prevía na súa Disposición derrogatoria única a derrogación dunha serie de artigos e disposicións da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da Viña e do Vino: os artigos 2.2.f), 3 e 9 do título I; o título II e os artigos 38.2, 39.2, 39.3, 40.2, 40.3, 40.4 y 42.4 do título III así como as disposicións adicionais terceira, quinta, sexta, oitava e novena; pero establecía que os artigos do título III poderían seguir sendo de aplicación para as comunidades autónomas que non desenvolveran a materia regulada neses artigos. O artigos citados do título III regulan as diversas infraccións -leves, graves e moi graves- nos casos de operadores voluntariamente acollidos a un nivel de protección. Tendo en conta que o anteproxecto de Lei de calidade alimentaria sí que regula esta materia, perden vixencia e aplicarase a lexislación específica autonómica.

En atención ao anteriormente exposto, proponse a tramitación do anteproxecto de Lei da calidade alimentaria de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

José Luis Cabarcos Corral

Asinado por: CABARCOS CORRAL, JOSE LUIS
Cargo: Director
Data e hora: 31/03/2022 14:13:30

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA
Avenida do Camiño Francés, 10
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 718
agacal@xunta.gal

CVE: PTQdjW9Sq630
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve